



ASISTENTES

PRESIDENTE

D. José A. López Rodríguez  
(Delegado Provincial da Consellería de  
Medio Ambiente)

VOCAIS

D. Alfonso Castro Carrera  
(Avogado polo Colexio da provincia)  
D. Manuel Francisco Gutierrez  
(Xefe do Servizo de Montes e  
Industrias Forestais)  
D. Luis M<sup>a</sup> Muiños Vidueira  
(Letrado da Asesoría Xurídica da  
Xunta)

VOCAIS REPRESENTANTES DOS  
LUGARES DE BERMES, REGO DO  
PRADO, LAMELA, REGADO,  
ORXAS, RIADIGOS, CAMPO E  
CAMIÑO REAL, CONCELLO DE  
LALIN

D. José Castro Iglesias  
Dna. Berta Cortizo Mosquera

SECRETARIO

Dna. Pilar Pita Ponte  
(Xefa de Sección do Servizo Técnico-  
Xurídico da Delegación de Medio  
Ambiente)

O Xurado Provincial de Clasificación  
de Montes Veciñais de Pontevedra  
dictou a seguinte RESOLUCION:

Na cidade de Pontevedra, sendo as  
dezasete horas do día catorce de xullo  
do 2004, coa asistencia das persoas ó  
marxe reseñadas, reúnese na 3<sup>a</sup> planta  
do edificio sito no nº 47 da rúa Benito  
Corbal o Xurado Provincial de  
Clasificación de Montes Veciñais en  
Man Común ó obxecto de decidir sobre  
a clasificación do monte "*Do Carrio ou  
monte Castelo*" dos lugares de Bermés,  
Rego do Prado, Lamela, Regado, Orxás,  
Riadigos, Campo e Camiño Real, do  
concello de Lalín.

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**PRIMEIRO.-** Con data 26 de marzo do  
2001, D. José Castro Iglesias, D. José  
Sánchez Méndez e D. Gumersindo  
Cortizo Batán actuando por si mesmos e  
en representación doutros veciños,  
solicitaron a clasificación como veciñal  
en man común do monte "*Do Carrio ou  
monte Castelo*" da comunidade de  
Bermés, parroquia de Bermés, do  
concello de Lalín.

O 19 de abril do 2001 os solicitantes  
presentaron un escrito complementario  
manifestando que a clasificación do  
monte do Carrio ou monte Castelo  
solicítase a favor dos lugares de  
Bermés, Rego do Prado, Lamela,  
Regado, Orxás, Riadigos, Campo e  
Camiño Real, todos da parroquia de  
Bermés, do concello de Lalín.

**SEGUNDO.-** O 8 de abril de 2002 o  
Servizo de Montes e Industrias  
Forestais emitiu informe previo.



Na sesión do día 9 de maio do 2002 o Xurado Provincial de Clasificación acordou a non incoacción do expediente para a clasificación co carácter indicado do monte "do Carrio ou monte Castelo" a favor dos lugares de Bermés, Rego do Prado, Lamela, Regado, Orxás, Riadigos, Campo e Camiño Real, "... ó considerar que a solicitude de clasificación debe formularse a favor da parroquia de Bermés..."

Contra este acordo D. José Castro Iglesias presentou recurso de reposición o 6 de setembro do 2002, alegando que os veciños dos lugares de Bermés, Rego do Prado, Lamela, Regado, Orxás, Riadigos, Campo e Camiño Real son os únicos que veñen aproveitando de xeito colectivo o monte "do Carrio", e achegando os documentos que acreditan as súas manifestacións.

**TERCEIRO.-** Na sesión do 20 de febreiro do 2003 o Xurado estimando o recurso de reposición, acordou inicia-los trámites para a clasificación do monte antedito a favor dos lugares de Bermés, Rego do Prado, Lamela, Regado, Orxás, Riadigos, Campo e Camiño Real da parroquia de Bermés, do concello de Lalín, nomear instrutora a Dna. M<sup>a</sup> Luisa Pardavila Pazos, así como a remisión do expediente ó Servicio de Montes e Industrias Forestais, que emitiu o informe preceptivo o 23 de xullo do 2003.

**CUARTO.-** Cumprida e observada a tramitación legal e regulamentariamente esixida, no preceptivo trámite de audiencia presentaron alegacións: D. Fernando Ferreiro García en representación da CMVMC de Meixome alegando que na planimetría aportada polos promotores deste expediente incorpórase unha zona do monte "Meixome" que está a ser discutida polas dúas comunidades; a de Meixome e a de Bermés; e D. Eugenio García Carballude solicitando que se teña en conta o deslinde presentado para a clasificación do monte veciñal da parroquia de San Andrés de Val.

**QUINTO.-** Vistos os informes previo e preceptivo do Servicio de Montes e Industrias Forestais e demais proba documental, o monte obxecto do presente expediente de clasificación, obedece á seguinte descrición:

**CONCELLO: LALIN**

**LUGARES: BERMES, REGO DO PRADO, LAMELA, REGADO, ORXAS, RIADIGOS, CAMPO E CAMIÑO**

**PARROQUIA: BERMES**

**NOME DO MONTE: "Parcela A"**

**Cabida:** 1.711.858 m<sup>2</sup> (Superficie alegada na solicitude)

**Lindes:**

**Norte:** Monte comunal dos veciños de San Andrés de Val

**Sur:** Propiedades particulares de Herdeiros de Manuel Couso González, Manuel Couso Pérez, José Castro Iglesias, Luis Iglesias Castro, Dositeo Otero, Lidia Sanmartín, Herdeiros de José Porral Mosquera, Manuel García Méndez, José Brea Busto, Fernando Ferreiro, José Brea González, Lourdes Mosquera Mosquera, José Barros Iglesias, Carmen Porral Mosquera, Fernando Ferreiro, Manuel Castro Pampín, Aurelio Vázquez Vilariño, Anuncia Brea, Cándido



Fuentes, Antonio Fuentes, Avelina Gómez García, Rodrigo Gómez García, Manuel Fernández, Manuel Sanmartín, Adelaida Mosquera, Manuel Gómez García, Antonio Fernández Asorey, Edelmira Porral Mosquera, José Sanmartín García, Daniel Casheda Soto, Herdeiros de Visitación Couso González, Camilo Iglesias González e José Luis Casheda Iglesias

**Leste:** Propiedades particulares de José Castro Iglesias, Manuel Fernández Couso, Anuncia Sánchez, Manuel Couso Pérez, Luis Iglesias Castro, Salustiano Sánchez Otero, Marisa Couto Riadigos, Dositeo Otero, Herdeiros de Manuel Couso González, Antonio Fernández Asorey, Belisario Fernández García, Agustín Rodríguez Mosquera, Benigno Figueiras Abeledo, Luis García Vilaa, José García Prieto, Rodrigo Gómez García, Manuel Otero González, Herdeiros de José Fernández García, Luis Rodríguez Meijome, Antonio Couso Pazos, Elías Vázquez Gutierrez, Dorinda Figueiras García, Herdeiros de María Rodríguez, José Sánchez Otero, Herdeiros de Elvira Vázquez e Amparo Gutierrez

**Oeste:** MVMC das parroquias de Madiñan, Busto, Meixome e Asorey e monte comunal dos veciños de San Andrés de Val

**Servidumes:** Camiños de servizo e canalización do parque eólico

**Ocupacións:** Parque eólico de Gamesa-Energía, a maior parte do centro reemisor da TVG e o repetidor de Telefónica

#### **NOME DO MONTE: "Parcela B"**

**Cabida:** 10.026 m<sup>2</sup> (Superficie alegada na solicitude)

**Lindes:**

**Norte:** Propiedades particulares de Dorinda Figueiras, José García Prieto, Manuel Couso Pazos, Herdeiros de María Rodríguez, José Sánchez Otero, Herdeiros de Marcelino González Iglesias e Belisario Fernández García

**Sur:** Propiedades particulares de José Fernández García, Angel Losón Lamas, Manuel Carballude Conde, José García Prieto, Herdeiros de Marcelino González Iglesias, Benigno Figueiras Abeledo, Antonio Couso Pazos, Herdeiros de José M. Castiñeiras Framiñán e Antonio García González

**Leste:** Propiedades particulares de José García Prieto e Herdeiros de José García

**Oeste:** Pista a pena Redonda

#### **NOME DO MONTE: "Parcela C"**

**Cabida:** 1.277 m<sup>2</sup> (Superficie alegada na solicitude)

**Lindes:**

**Norte:** Propiedades particulares de Luis García Vila

**Sur:** Pista a Pena Redonda e camiño de carro

**Leste:** Pista a Pena Redonda

**Oeste:** Camiño de carro e propiedades particulares de Luis García Vila

#### **NOME DO MONTE: "Parcela D"**

**Cabida:** 361 m<sup>2</sup> (Superficie alegada na solicitude)

**Lindes:**

**Norte:** Propiedades particulares de Herdeiros de Elvira Vázquez

**Sur:** Propiedades particulares de Herdeiros de Elvira Vázquez



Leste: Pista a Pena Redonda

Oeste: Propiedades particulares de Herdeiros de Elvira Vázquez

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro:** O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común é o órgano competente para coñece-los expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a teor do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

**Segundo.-** De conformidade có artigo 1 da Lei 13/1989 do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e no artigo 1 do Decreto 240/1992 do 4 de setembro comprende entender por montes veciñais en man común “... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cuotas, os membros daquelas na súa condición de veciños”.

Así, segundo abundosa xurisprudencia, o feito que xustifica a clasificación ou non como vecinal dun determinado monte, en vía administrativa, é a circunstancia de terse ou non demostrado o aproveitamento consuetudinario en man común, prescindindo das cuestións relativas á propiedade e demais dereitos reais.

**Terceiro.-** O uso en man común do monte “Do Carrio ou monte Castelo” tense suficientemente acreditado polas probas que aportaron os solicitantes.

En consecuencia, vista a Lei 13/1989, do 10 de outubro de montes veciñais en man común e o seu regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios, de xenérica e específica aplicación ó caso examinado, e tendo en conta que no expediente queda acreditado, de xeito efectivo, que os terreos obxecto de clasificación veñen sendo aproveitados consuetudinariamente polos membros desta comunidade, propónse pola Instructora e de maneira unánime o Xurado **ACORDA:**


**CLASIFICAR** como veciñal en man común o monte “Do Carrio ou monte Castelo”, a favor dos veciños dos lugares de Bermés, Rego do Prado, Lamela, Regado, Orxas, Riadigos, Campo e Camiño Real, da parroquia de Bermés, do concello de Lalín, correspondéndose coa descrición reflectida no feito quinto, e a planimetría elaborada para o efecto polo Servizo de Montes e Industrias Forestais que forma parte inseparable da presente Resolución.




Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.



*[Handwritten signature]*  
*[Handwritten signature]*  
*[Handwritten signature]*



Nº DA FOLLA  
 122-51-52  
 122-61-62

 MONTE "DO CARRIO OU CASTELO"  
 C.M.V.M.C. DE BERMES, REGO DO PRADO, LAMELA,  
 REGADO, ORXAS, RIADIGOS, CAMPO E CAMIÑO REAL.

SUPERFICIE-A = 1.711.858 m2. Aprox.  
 SUPERFICIE-B = 10.026 m2. Aprox.  
 SUPERFICIE-C = 1.277 m2. Aprox.  
 SUPERFICIE-D = 361 m2. Aprox.

DATA : XULLO-2.004  
 ESCALA : 1/10.000  
 AUTOR : TOPOGRAFIA

TRABALLO : PLANO DE CLASIFICACIÓN  
 CONCELLO : LALÍN PARROQUIA : BERMES  
 COMUNIDADE : BERMES, REGO DO PRADO, LAMELA, REGADO,  
 ORXAS, RIADIGOS, CAMPO E CAMIÑO REAL.  
 MONTE : DO CARRIO OU CASTELO.

 **XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
 SERVIZO DE MONTES-DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA





Para os efectos previstos no artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, dáse publicidade ao acordo do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, en sesión que tivo lugar 14 de xuño de 2022, de deslinde parcial entre a CMVMC de Bermés, Rego do Prado, Lamela, Regado,, Orxás, Riádigos , Campos e Camiño Real ( Lalín ) e a CMVMC de Abonxo ( Lalín ) respecto do linde común dos seus montes ( **Exp.: PO-DESC-04/20** )

### Feitos:

Primeiro- O 04/05/2020 José Armando Cristóbal presidente da xunta reitora da CMVMC de Bermés e outros, no concello de Lalín, presenta no rexistro electrónico da Xunta de Galicia co núm. de entrada 2020/780864, solicitude de deslinde entre a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común (en adiante CMVMC) de Bermés e outros e a CMVMC de Abonxo ambas do concello de Lalín.

Segundo- Consta no expediente a seguinte documentación do deslinde consonte o artigo 53 da Lei 7/2012:

- Acta do deslindamento
- Acta de conciliación
- Certificados da aprobación do deslinde nas Asembleas Xerais das comunidades.
- Memoria descritiva con plano de deslinde e cartografía en formato dixital (csv potestativo)

A liña de deslinde proposta está composta polos seguintes puntos:

Mojón 1- x:569.642,661	y:4.732.082,147
Mojón 2- x:569.693,800	y:4.732.057,734
Mojón 3- x:569.745,244	y:4.732.032,333
Mojón 4- x:570.104,998	y:4.731.856,604
Mojón 5- x:570.389,633	y:4.731.717,472
Punto 6- x-,570.412,910	y:4.731.707,810

O Servizo de Montes considera que a solicitude se axusta ao establecido no artigo 53 polo que propón a aprobación do deslindamento tendo en conta que revisada a cartografía das resolucións de clasificación de ambos montes veciñais en man común detéctase que non existe colindancia en parte do trazado entre o mojón número 5 e mojón número 6. Polo que se calcula o Punto 6 límite de colindancia segundo cartografía

### Consideracións legais e técnicas:

Primeiro. A presente resolución dítase ao abeiro do artigo 53 do Regulamento para



a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Segundo. O artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, recolle o procedemento que hai que seguir no deslindamento entre montes veciñais en man común e establece que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, logo do exame da documentación presentada, ditará resolución que será publicada no Diario Oficial de Galicia e notificada ás comunidades interesadas.

De acordo cos feitos e consideracións legais e técnicas expostos, o Xurado por unanimidade ACORDA:

Aprobar o deslindamento parcial realizado entre a CMVMC de Bermés, Rego do Prado, Lamela, Regado, Orxás, Riádigos , Campos e Camiño Real ( Lalín ) e a CMVMC de Abonxo ( Lalín ) respecto do seu linde común nos termos indicados no feito segundo.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 123 e 124 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Presidente do Xurado provincial de clasificación de montes veciñais en man común  
Antonio Crespo Iglesias





Para os efectos previstos no artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, dáse publicidade ao acordo do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, en sesión que tivo lugar 14 de xuño de 2022, de deslinde parcial entre a CMVMC de Bermés, Rego do Prado, Lamela, Regado,, Orxás, Riádigos , Campos e Camiño Real ( Lalín ) e a CMVMC de Asorei ( Vila de Cruces ) respecto do linde común dos seus montes ( **Exp.: PO-DESC-05/20** )

### Feitos:

Primeiro-O 28/09/2020 José Armando Cristóbal presidente da CMVMC de Bermés e outros, no concello de Lalín, presenta no rexistro electrónico da Xunta de Galicia co núm. de entrada 2020/1856339, solicitude de deslinde entre a Comunidade de monte veciñal en man común (en adiante CMVMC) de Bermés e outros (Lalín) e a CMVMC de Asorei (Vila de Cruces).

Segundo- Consta no expediente a seguinte documentación do deslinde consonte o artigo 53 da Lei 7/2012:

- Acta de conciliación
- Certificados da aprobación do deslinde nas Asambleas Xerais das comunidades.
- Memoria descritiva con plano de deslinde e cartografía en formato dixital

A Liña de deslinde proposta está composta polos seguintes puntos:

Mojón 1- x:569.226,924    y:4.732.284,992  
Mojón 2- x:569.194,540    y:4.732.233,030  
Mojón 3- x:569.025,860    y:4.732.046,900

Revisada a cartografía das resolucións de clasificación de ambos montes veciñais en man común detéctase que existe colindancia entre ambos montes veciñais en man común e non afecta a terceiros propietarios.

A liña respecta a liña de deslinde do Instituto Geográfico Nacional entre os concellos de Latín e Vila de Cruces.

O Servizo de Montes considera que a solicitude se axusta ao establecido no artigo 53 polo que propón a aprobación do deslindamento tendo en conta que non se pode obter o informe de validación gráfica catastral porque existe un erro no catastro e a liña non pecha referencias catastrais. No caso de que o Xurado aprrobe o deslinde remitirase a catastro os puntos de deslinde en formato shp.

### Consideracións legais e técnicas:

**XEFATURA TERRITORIAL**  
**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**  
Edificio Administrativo de Campolongo  
Avda. María Victoria Moreno, 43 – 2º  
36071 – Pontevedra  
T. +34 986 805 091 – 986 805 409  
[xfaturaterritorial.mrpo@xunta.gal](mailto:xfaturaterritorial.mrpo@xunta.gal)



Primeiro. A presente resolución dítase ao abeiro do artigo 53 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Segundo. O artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, recolle o procedemento que hai que seguir no deslindamento entre montes veciñais en man común e establece que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, logo do exame da documentación presentada, ditará resolución que será publicada no Diario Oficial de Galicia e notificada ás comunidades interesadas.

De acordo cos feitos e consideracións legais e técnicas expostos, o Xurado por unanimidade ACORDA:

Aprobar o deslindamento parcial realizado entre a CMVMC de Bermés, Rego do Prado, Lamela, Regado, Orxás, Riádigos, Campos e Camiño Real ( Lalín ) e a CMVMC de Asorei (Vila de Cruces) ) respecto do seu linde común nos termos indicados no feito segundo.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 123 e 124 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Presidente do Xurado provincial de clasificación de montes veciñais en man común  
Antonio Crespo Iglesias

